



Secretaría de Comunicación

Imprensa Parlamento do Estado

Eva Lema. Móbil: 606 602532. e-mail: eva.lema@gpmixto.congreso.es

www.bng-galiza.org

JORQUERA ENUMERA A ZAPATERO TODAS AS VULNERACIÓNS DOS DEREITOS DOS GALEGOFALANTES POR PARTE DO ESTADO E O PRESIDENTE AFIRMA “TOMAR NOTA”

O deputado do BNG denunciou “a presenza absolutamente marxinal do galego na Administración de Xustiza” e pediu a Zapatero “políticas activas”, que “acompañe o talante con feitos”

Madrid, 17 setembro 08. O portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, Francisco Jorquera, enumerou na súa interpelación no Pleno ao Presidente do Goberno español, todas as vulneracións, infraccións e incumprimentos da Administración Xeral do Estado en relación ao uso do galego. Denuncias das que Zapatero afirmou “tomar nota para dar as instrucións oportunas”.

Os reiterados incumprimentos do Goberno da legalidade lingüística

Jorquera puxo de manifesto ao Presidente do Executivo a “negativa da Policía e da Garda Civil a admitir certificados de estudos oficiais en galego aos alumnos que queren opositar a prazas neses corpos”. Así como a vulneración constante da toponimia galega en webs da Administración, sinais de tráfico e rótulos de estacións ferroviarias, a ausencia de versións en galego en páxinas web de órganos dependentes da Administración central, e sobre todo, puntualizou, “a presenza absolutamente marxinal do galego na Administración de Xustiza”.

O deputado do BNG sinalou que “o incumprimento desta legalidade en materia lingüística é demasiado reiterado” e subliñou que a “protección xurídica da que goza o galego é moi inferior á do castelán, e pese a iso, nen siquiera se cumpre co establecido”.

O parlamentar nacionalista advertiu a Zapatero que “esta é a situación real pese as campañas impulsadas desde algúns ámbitos que intentan facer crer que é o castelán e os seus falantes os que sofren discriminación”.

Zapatero dí que se “está a facer un esforzo” no ámbito das forzas de seguridade

O Presidente do Executivo español limitouse a salientar a súa disposición a que “se faga efectiva a cooficialidade das linguas”. E no concreto, respecto á situación da Administración descrita polo BNG, indicou que “na tramitación de expedientes por infracción de tráfico se están a tomar xa as medidas en todo o sistema informático para que se dispoña da totalidade en formato bilingüe a partir do ano próximo”.

Tamén dixo que se “está a facer un esforzo no ámbito das forzas e corpos de seguridade do Estado para facilitar e posibilitar o uso do galego”. E rematou asegurando que “toma nota” de todas as denuncias realizadas por Jorquera “para dar as instrucións oportuna e axilizar” o dereito dos galegofalantes.

Na súa primeira intervención, Zapatero limitouse a unha enumeración de leis aprobadas na anterior lexislatura e que según él supoñen un avance no uso do galego e das linguas cooficiais no ámbito da Administración. Aludiu á lei de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, á lei de modificación do rexistro civil, lei pola que se regula o carnet de conducir por puntos ou a lei de publicidade e comunicación institucional.

Dixo a Jorquera que o Goberno continuará “velando polo respecto á cooficialidade” e recoñeceu que “nalgúns ámbitos” son precisas medidas complementares.

O BNG demanda políticas activas para normalizar o galego

O deputado do BNG rematou a súa réplica ao Presidente do Executivo español, lembrándolle que a igualdade formal de dereitos entre homes e mulleres “non garante por si soa unha igualdade práctica e por iso son necesarias políticas activas”. Nese sentido, recalcou, que sucede o mesmo coas linguas cooficiais “por iso as políticas de normalización”. E demandou a Zapatero que “o talante se acompañe tamén de feitos, por iso lle pedimos unha maior implicación para asegurar o cumprimento da legalidade”.